

Localización de Software Libre ao galego

Enrique Estévez Fernández, membro de Trasno e coordinador de Mozilla

Antón Gómez Méixome, membro de Trasno e coordinador de LibreOffice

Que teño que saber, facer, respectar e quen me pode axudar para traducir un aplicativo ao galego

Pódese e porque?

O primeiro que ten que saber e se se pode facer legalmente, é dicir, se non existe algunha restrición que impida realizar a localización. Quen realiza o aplicativo ten uns dereitos sobre o mesmo e a través dunha licenza¹ indica que permite facer ou non ao resto co seu aplicativo.

Se o aplicativo que quere traducir ao galego ten unha licenza libre, vostede podería localizalo xa que as licenzas libres permiten entre outros dereitos modificar e distribuír un aplicativo libre modificado. Se o aplicativo non usa unha licenza libre, pero si usa algunha outra licenza, habería que estudar as cláusulas da mesma e ver se permite localizalo.

Se non usara ningunha licenza ou a licenza que usa non o permite, habería que pórse en contacto con quen desenvolveu o aplicativo ou con quen posúa os dereitos de explotación do mesmo para solicitarlle permiso para poder realizar a localización.

Unha que vez que un sabe que legalmente o aplicativo se pode localizar, habería que comprobar se tecnicamente se pode. Para isto cómpre saber se o aplicativo foi internacionalizado². Isto comprobaríase no código fonte ou ben no sitio web do aplicativo. Se o aplicativo se deseñou en base a isto, poderíase localizar facilmente a outros idiomas sen ter que modificar o código fonte do mesmo.

¹ http://www.usc.es/osl/wiki/index.php/Introduccion_as_licenzas ² <http://es.wikipedia.org/wiki/I18n>

² <http://es.wikipedia.org/wiki/I18n>

Como e con que?

Con frecuencia, no software libre, quen desenvolve un aplicativo, xa o fai internacionalizado e a maiores explica como levar a cabo a localización. Soe explicar o proceso a través dun ficheiro no código fonte ou a través do sitio web do aplicativo. Este último paso é moi importante para facilitarlle a labor ao tradutor que non ten coñecementos técnicos para saber o que ten que facer.

Chegado a este punto, un necesita saber que ten que traducir, é dicir, as cadeas que un ve cando usa o aplicativo. Aquí pódese falar dos textos da interface, da axuda, da documentación e ata do sitio web do aplicativo. Isto dependerá do que permita traducir o desenvolvedor e do que vostede decida traducir.

Se o aplicativo está internacionalizado, as cadeas que hai que traducir van estar almacenadas nuns ficheiros de texto cunha estrutura específica, que dependerá do tipo de ficheiro que o desenvolvedor escolleu cando internacionalizou e desenvolveu o aplicativo.

Estes ficheiros atópanse no código fonte e poden ser fornecidos polo desenvolvedor para facilitarlle a localización ao tradutor. Se non foran fornecidos polo desenvolvedor, un tería que buscalos no propio código fonte do aplicativo, e que basicamente soen estar en lugares comúns da estrutura do código do aplicativo.

Existen moitos formatos de ficheiros nos que poden almacenarse os textos. A continuacións cítanse algúns dos máis comúns: ficheiros .po (moi usados en GNOME e Ubuntu), ficheiros .properties e .dtd (usados nos aplicativos de Mozilla e na maior parte dos aplicativos escritos na linguaxe de programación Java), ficheiros .ts (usados no VirtualBox e nalgúns aplicativos do entorno de escritorio KDE), e moitos máis.

Para traducir estes ficheiros un pode traducilos directamente co editor de texto ou usar un aplicativo TAC³ (Tradución asistida por computador). Entre os aplicativos TAC, distínguese entre aplicativos de escritorio (Gtranslator, OmegaT, Virtaal, ...) ou para traballar en liña (Pootle, Transifex e Launchpad).

³ [http:// es.wikipedia.org/wiki/Traducci%C3%B3n_asistida_por_computadora](http://es.wikipedia.org/wiki/Traducci%C3%B3n_asistida_por_computadora)

A escolla entre un aplicativo ou outro vai depender de moitos factores. Desde o tipo de ficheiro, o proxecto, as preferencias persoais, o sistema operativo empregado e a forma de traballo/comunidade.

Teño algo que respectar?

Para facer unha tradución de calidade cómpre aterse a algún tipo de referencia lingüística que nos permita unha homoxeneidade e precisión. A preocupación pola calidade lévanos a fixarnos en tres aspectos: o rexistro, o estilo e a terminoloxía. No caso galego, a fonte de referencia lingüística só pode ser a da RAG que se concreta en dúas obras, o seu dicionario normativo e as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (2003). Non existe unha estilística e dependemos en exceso dos recursos culturais persoais. Complementariamente, podemos botar man dos dicionarios para-normativos e as recomendacións dos servizos lingüísticos das tres universidades.

Para afrontar as dificultades denominativas dos termos científicos en galego, os tradutores seguen fundamentalmente a vía da investigación propia e a elaboración de consensos do que xorden as redes e comunidades de tradutores. En xeral a tradución ao galego deber seguir un nivel lingüístico medio, que podemos concretar como o daquel que se supón debe ter un cidadán que remata os estudos obrigatorios (4º ESO). O galego acumula xa máis de 30 anos de uso nas interfaces dos usuarios

Hai moito máis software en galego do que se adoita pensar en calquera campo de coñecemento aínda que non sempre ben traducido ou sostido no tempo porque hai moitos tradutores puntuais, circunstanciais. Afortunadamente non sempre é así e hoxe en día a comunidade de tradutores de software libre atopa no colectivo Trasno unha comunidade totalmente envolta no sector co compromiso de calidade profesional na medida das súas forzas.

Harmonizar esta colaboración fai necesario contar con certos protocolos e normas de traballo e iso forma unha parte moi notable tamén do que “cómpre” saber. Os proxectos de software internacional comparten a mesma natureza distribuída, con desenvolvedores de distintas orixes, documentalistas, promotores, administradores, usuarios, etc.

Existen certos aspectos que son comúns e que se concretan nos chamados “roles”, que adoitan estar vinculados á participación meritocrática como individuos. Os proxectos adoitan ter un “consello” de dirección que organiza a infraestrutura e toma as decisións necesarias sobre a vida da comunidade. Así tamén adoita haber coordinadores dos grupos de tradución locais, os chamados “native language” (NL). Existe un ou varios coordinadores locais que se ocupan de manter a conexión entre o proxecto internacional (o que implica unha certa competencia comunicativa en inglés) e organizar o traballo do grupo de localización local (control, permisos, normas). Finalmente: o de revisor e o de tradutor.

Visto ao revés, implica que para traducir un programa hai que integrarse, en maior ou menor grao, na organización que o desenvolve. Se o software é unha ferramenta illada, cun grupo reducido de desenvolvedores ou sostido por unha única empresa, adoita ser abondo con localizar os ficheiros, traducilos e enviarllos aos desenvolvedores para que os integren. Cando se trata dos grandes proxectos, hai que solicitar ser admitidos no equipo local, facilmente, traballar nalgún aspecto e poñelo a disposición dos demais roles implicados para que siga o proceso e chegue a integrarse. Se o equipo nativo non existe, cómpre solicitalo ao coordinador internacional, seguir as normas que poden ser máis ou menos complexas e adoitan implicar tanto aspectos de infraestrutura e perfil de acceso como os legais.

Quen me pode axudar?

O colectivo Proxecto Trasno⁴ é unha comunidade de organización totalmente horizontal que ten xa máis dunha década de experiencia en compartir dúbidas, elaborar consensos lingüísticos en todos os aspectos e promover a fixación do rexistro informático do galego coa maior calidade posible. Ademais ten como obxectivo fomentar a formación libre como apoio a tradutores noveis, realización de charlas e cursos formativos, recursos lingüísticos libres (terminoloxías, guías de estilo, convencións), controis de calidade, compartir as memorias de tradución (MT) e o software especializado na propia tradución de software. Forma un nodo galego da industria da localización, que é un sector profesional cada vez máis relevante neste mundo globalizado.

⁴ <http://www.trasno.net>

A participación está totalmente aberta mediante a lista de correo (proxecto@trasno.net) e o web (<http://www.trasno.net>) así como distintas canles de comunicación a través das redes sociais (Facebook, Google+, Twitter, etc) e o colectivo realiza cada ano un par de reunións presenciais que chamamos Trasnadas. As “trasnadas” consisten en reunións abertas e intensivas nas que se ofrece formación presencial, manexo dos recursos lingüísticos útiles para tradutores e unha xornada sobre dificultades lingüísticas co obxectivo de acordar consensos que logo cada tradutor aplica no software que traballa. Son centos os programas nos que nota a participación dos trasnegos e dos que se sostén a tradución en galego desde hai moitos anos e nos que teñen participado moitas persoas, relevándose sucesivamente. A maior parte das veces sen ningunha colaboración institucional e outras en colaboración entre o voluntariado e as administracións públicas.

Proxecto Trasno é tamén unha asociación sen ánimo de lucro desde o ano 2010 co fin de xestionar os recursos e proporcionar servizos e apoio aos seus membros. Neste sentido, a Asociación Cultural Proxecto Trasno, constitúese á imaxe e semellanza dos propios proxectos de software nos que participa. Ten unha directiva e realiza asembleas para o control da súa actividade por parte dos seus socios.

En Trasno desenvólvense todo tipo de recursos como a terminoloxía derivada das “trasnadas”, os prontuarios de consulta rápida ou a documentación do wiki, pero tamén software libre, como o Tiboxe (consultas web de TBX), Glósima (Xestor de terminoloxía e discusión), Trobador (sistema de consulta de memorias de tradución TMX).

Porque é interesante traducir software ao galego?

Dado que a inmensa maior parte do labor de tradución de software é feito polo voluntariado, altruistamente, cómpre preguntarse por cal é a motivación para facer tal esforzo. Hai varias e dependen de cada persoa.

Traducir software é unha das mellores maneiras de coñecer en profundidade as ferramentas informáticas xa que nos obriga a coñecer e explorar en profundidade as súas funcionalidades e limitacións, ler documentación e formar parte ou

constituír unha comunidade que o emprega e comparte recursos.

Comprender a enxeñaría do software é hoxe en día case un imperativo profesional. Coñecer o que hai, lévanos a mellorar ou crear as nosas ferramentas, e con elas aumentar a nosa competencia profesional.

Como galegos e cidadáns dun mundo globalizado necesitamos anosar, como quería Cunqueiro, a tecnoloxía do noso tempo. Como calquera produto cultural ou técnico, os seus contidos culturais implícitos inflúenos pero se non sabemos adaptala convértese nunha barreira alienante que nos pon en desigualdade respecto desa cultura global dominante que se expresa en inglés, como reconece a UNESCO. Como formadores, como profesores ou como facilitadores de coñecemento en calquera campo non nos pode ser irrelevante o reaproveitamento dos recursos, o acceso libre á tecnoloxía co que podemos equipar aos nosos alumnos e que iso se poida facer na lingua propia de Galicia é unha oportunidade que desde a responsabilidade educativa non podemos ignorar.



Institución Galega de Ciencia



Dr. Andrés Gómez Tato